

## **Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego**

17-febreiro

- *Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Real Decreto 115/2022, de 8 de febreiro, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*
- *Orde do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **ANTECEDENTES**

Segundo o disposto na orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba

o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, o desenvolvemento da práctica do deporte federado supeditábase ao disposto nos protocolos federativos segundo o modelo Fisicovid-Dxtgalego.

A Orde do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón na súa exposición de motivos, entre outros, que “ante a situación actual, coas actuais taxas de incidencia a 7 e a 14 días, cunha elevada porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas e cun aumento da prevalencia da variante Ómicron, que xa é do 99,8 %, que ten unha transmisibilidade superior á da variante Delta, predominante ata o de agora, está xustificada a necesidade de manter as medidas adoptadas para facer fronte a esta situación, malia a tendencia descendente antes indicada e co fin de consolidala”.

Con todo, adapta a súa regulación ao recente Real decreto 115/2022, do 8 de febreiro, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modifica os números 1 e 2 do artigo 6 da Lei 2/2021, do 29 de marzo. O citado real decreto modula o uso da máscara no exterior, eliminando a obrigatoriedade nos ditos espazos. Esta obrigatoriedade do uso da máscara mantense en eventos multitudinarios que teñen lugar en espazos ao aire libre cando os asistentes estean de pé ou, se están sentados, cando non se poida manter unha distancia de seguridade de, polo menos, 1,5 metros entre persoas ou grupos de conviventes.

Deste xeito modifícase o o punto 1.4 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que no apartado b) dispón que *“Na realización de adestramentos e na celebración de competicións en espazos pechados dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto do uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas”*.

Tamén se modifica a alínea a) do parágrafo 1 do punto 3.15 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, dispoño que *“a práctica da actividade física e deportiva non federada poderase realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, sen que sexa precisa a utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4”*.

**A este respecto dictase a seguintes instrucións ao obxecto de clarificar as medidas preventivas vixentes para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego:**

## **I. PRÁCTICA DA ACTIVIDADE FÍSICA OU DEPORTIVA NON FEDERADA.**

- Poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre ou en instalacións ou centros deportivos pechados.
- A práctica en **instalacións e centros deportivos pechados** desenvolverase de forma individual ou colectiva, e coa utilización da **máscara**.
- Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros durante o desenvolvemento da actividade.

## II. PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO.

### 1. Deporte Federado de ámbito Estatal.

#### a. Protocolos aplicables.

As competicións deportivas federadas de ámbito Estatal e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

#### b. Medidas aplicables.

- Equipos/deportistas galegos:
  - Grupos de composición estables.
- Equipos/deportistas procedentes doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia:
  - Comunicar cunha antelación mínima de 24 h ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, segundo o formulario establecido: <https://desprazamentos-deportivos.xunta.gal/portada>

- No caso de desprazarse desde zonas de alta incidencia de COVID19 deberán ter en conta o sinalado no seguinte enlace: <https://www.sergas.es/Saude-publica/benvida-via-xeirxs?idioma=es>

## 2. Deporte Federado de ámbito autonómico.

### a. Protocolos aplicables.

A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

### b. Utilización da máscara.

Na realización de adestramentos e na celebración de competicións **en espazos pechados** dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto do uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

A este respecto, para a excepción do uso da máscara durante o desenvolvemento da actividade deportiva, os respectivos protocolos deberán de recoller medidas alternativas de protección e prevención. Deste xeito, o uso da máscara poderá exceptuarase para os deportistas maiores de 5 anos, cando os organizadores exixan nos Protocolos medidas alternativas de protección que deberán de ser comunicadas, xunto coa solicitude de visado do Protocolo, á Secretaría Xeral para o Deporte.

### III. EVENTOS DEPORTIVOS E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS NON FEDERADAS DE CARÁCTER ORGANIZADO (campus deportivos, campamentos deportivos, escolas deportivas...)

a. Protocolos aplicables.

- Os organizadores deberán contar cun protocolo específico no ámbito da COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e comunicado aos seus participantes, que deberá axustarse, con carácter mínimo, aos requirimentos que sexan de aplicación á concreta modalidade deportiva segundo o establecido nos protocolos aprobados consonte a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-Dxtgalego.
- Para o caso de que as actividades non contén cun protocolo federativo específico no ámbito da COVID-19 deberán de axustarse ao disposto no punto 3.15.

b. Programa XOGADE:

- As actividades do programa XOGADE desenvolveranse de acordo co protocolo aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte e axustaranse á Resolución do 15 de xuño de 2020 pola que se aproba o protocolo Fisicovid-Dxtgalego.

#### **IV. ASISTENCIA DE PÚBLICO EN COMPETICIÓN E EVENTOS DEPORTIVOS.**

##### **1. Ocupación máxima.**

- 80% en interior
- 100% en exterior

##### **2. Requisitos.**

- Público asistente sentado
- Procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións. Cando non sexa posible manter a dita distancia de seguridade, se observarán as medidas de prevención adecuadas para previr os riscos de contaxio.
- Uso obrigatorio da máscara en espazos pechados e nos espazos abertos cando non se cumpra a distancia de seguridade de 1,5 metros (consideración de evento multitudinario).
- Con carácter xeral non se permitirá a venda nin o consumo de alimentos e bebidas durante o evento deportivo. Excepcionalmente se se permite comer ou beber, deberase garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas non convivintes.

#### **V. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**

- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada clase ou actividade.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Escola Galega de Administración  
Pública (EGAP)  
Rúa Madrid 2-4, 2º andar  
15701 Santiago de Compostela  
T. +34 881 996 348/353  
secretaria.deporta@xunta.gal  
www.xunta.gal

- No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.
- O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarse a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante. No caso de vestiarios e aseos en todas as instalacións poderanse utilizar ao 100 %.
- Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

## VI. OUTROS SUPOSTOS.

Calquera outra cuestión respecto á práctica de actividade física e deporte non contemplada nesta guía, trasladaráselle á Secretaría Xeral para o Deporte a efectos do seu estudo e a súa concreta interpretación.

## VII. ENTRADA EN VIGOR

As medidas previstas terán efectos desde as 00.00 horas do día 18 de febreiro de 2022.